

Xestionado por [Vieiros](#)

ENTREGARÁNSE O 14 DE XUÑO NUNHA GALA

Mercedes Peón, Lourenzo e o Laboratorio de Formas completan os Premios Nacionais

O xurado dos galardóns vén de anunciar os premiados en Música, Artes Escénicas e Iniciativa Cultural.

Redacción - 11:48 30/05/2008

Quedaban tres premios por anunciar, e xa están aquí. Mercedes Peón levou o de música, Manuel Lourenzo o de Artes Escénicas, e o Laboratorio de Formas de Díaz Pardo o de Iniciativa Cultural. Tres nomes de gran peso na cultura galega que completan unha listaxe de galardóns que serán entregados o sábado 14 de xuño nunha gala que se celebrarán en Compostela.

O xurado dos Premios Nacionais dediciu outorgarlle a [Mercedes Peón](#) o galardón na categoría de Música, por ser unha gran intérprete pluriinstrumentista que partindo da música tradicional soubo crear unha nova linguaxe que coloca a música galega na vangarda internacional. Mercedes Peón é sen dúbida unha das figuras máis representativas da música galega nos inicios do século XXI, tanto polo seu traballo de investigación e divulgación de pezas tradicionais case esquecidas, como na súa aposta pola renovación da música popular galega, logrando unha gran proxección fóra do país.

Na categoría de Artes Escénicas, os membros do xurado escolleron como premio nacional ao polifacético [Manuel Lourenzo](#), por ser o pai do teatro independente galego e destacar como actor, director, dramaturgo, autor de textos teatrais e ademais desenvolver un importante traballo de base como profesor. As súas contribucións á escena galega son abundantes e notables en todos estes campos, desde que en 1965 formara a súa primeira compañía, Grupo de Teatro O Facho, ata o traballo que desenvolve na actualidade con Casahamlet.

O premio na categoría de Iniciativa Cultural recaeu no [Laboratorio de Formas](#), por darlle continuidade ao Seminario de Estudos Galegos e polo carácter de identidade e modernidade que lle imprimiron os seus creadores: Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane e Andrés Fernández-Albalat. O Laboratorio creou unha linguaxe de deseño que, ante o actual proceso uniformador global proxecta formas con raíz que achegar á cultura universal.